



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



É un pracer presentarvos o “**VI Circuito de carreiras saudables *CorreSAN* 2017**”, un programa de carreiras organizadas pola Federación Galega de Atletismo e patrocinadas polo Concello de Santiago de Compostela a través do seu departamento de deportes. Este circuito entra dentro do labor de concienciación sobre os beneficios que a actividade física regular provoca na mellora da calidade de vida dos nosos cidadáns.

O circuito CorreSan representa unha iniciativa para Compostela que traslada o deporte ata os barrios e zonas onde normalmente xa se practican diferentes deportes, en especial o atletismo.

O circuito estará aberto á participación de calquera deportista habitual ou eventual que desexe acceder á práctica libre do exercicio físico en diferentes contornos da cidade. Nas probas terán cabida atletas de case todas as idades (de benxamíns a veteranos) con distancias adaptadas a cada categoría que participen nas carreiras das que consta este circuito, o cal integrará un aliciente de motivación como é a competición.

A continuación exporemos o regulamento xeral do circuito, pero antes de rematar gustaríame animarvos a que tomades parte deste proxecto que nace do noso interese por promover a práctica libre do deporte na cidade de Compostela.

**A Concelleira
Noa Morales Sánchez**

REGULAMENTO XERAL

A sexta edición do circuito de carreiras **CorreSAN** constará de 4 probas que se disputarán nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro (1 cada mes) de 2017.

En cada proba haberá un percorrido para escolares das categorías benxamín e alevín, un percorrido para as categorías infantil e cadete e outro para adultos a partir da categoría xuvenil. As probas comezarán de xeito habitual polas probas de escolares e rematarán coa disputa da proba de adultos. Os horarios das carreiras serán comunicados na semana anterior á disputa das mesmas nas páxinas web www.carreirasgalegas.com e www.corresan.com.

Todas as probas estarán baixo o control técnico do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e empregarán o sistema de chip-dorsal que deberá conservarse durante o transcurso do circuito para os atletas que se inscriban nas 4 probas na modalidade de circuito, e poderá reciclarse no caso de atletas que só se inscriban a unha proba independente.

Todos os atletas que perdan este elemento deberán aboar a cantidade de 3 € para adquirir un novo dorsal - chip.

CATEGORIAS DE PARTICIPACION INDIVIDUAIS

As categorías* de participación individuais serán as seguintes:

BENXAMIN	anos 2008 e 2009
ALEVIN	anos 2006 e 2007
INFANTIL	anos 2004 e 2005
CADETE	anos 2002 e 2003
XUVENIL	anos 2000 e 2001
JUNIOR	anos 1998 e 1999
PROMESA	anos 1995, 1996 e 1997
SENIOR	entre 1983 e 1994
VETERANOS/AS A	entre 1972 e 1982
VETERANOS/AS B	entre 1962 e 1971
VETERANOS/AS C	en 1961 e anteriores

E= Escolares (benxamín, alevín, infantil, e cadete)

A= Adultos (dende xuvenil a veteranos)

***Durante o transcurso do circuito producirase o cambio de tempada atlética (1 de novembro) feito que non afectará ás categorías deste circuito que se manterán durante o transcurso do mesmo.**

MODALIDADE DE PARTICIPACION POR EQUIPOS

As categorías de participación por equipos serán as seguintes (non se pode duplicar a participación nun club federado e equipo popular ou nun centro escolar e club federado). Tampouco un mesmo equipo poderá ter dúas ou máis seccións (A, B, ...):

CLUBES FEDERADOS ADULTOS	Atletas con licencia federativa
EQUIPOS POPULARES ADULTOS	Corredores con ou sen licencia federativa
CENTROS ESCOLARES	Corredores pertencentes a centros escolares
CLUBES ESCOLARES	Corredores Escolares pertencentes a clubs federados

CLASIFICACIONES

En cada proba establecerase unha clasificación individual por orde de chegada. Os participantes no circuito levarán un número de puntos igual ao posto obtido en cada carreira **SÓ TENDO EN CONTA OS PARTICIPANTES NA MODALIDADE DE CIRCUITO**, de xeito que o primeiro clasificado obterá 1 punto, o segundo clasificado 2 puntos e así sucesivamente ... **OS ATLETAS QUE NON PARTICIPEN NALGUNHA PROBA DARÁSELLE UN NÚMERO DE PUNTOS SIMILAR AO NÚMERO TOTAL DE PARTICIPANTES NA MODALIDADE DE CIRCUITO NA MESMA, DE XEITO QUE NON OBTENAN VANTAXE ALGUNHA DA NON PARTICIPACIÓN.**

Para tomar parte nas clasificacións finais de circuito, os participante deberán completar 3 das 4 probas do circuito.

Tamén se poderá participar inscribíndose soamente a calquera das catro probas do circuito sen participar como "inscrito en circuito" nin na súa clasificación.

Haberá unha clasificación de cada carreira e unha xeral do circuito en cada categoría, que será modificada despois de cada carreira. A clasificación do circuito realizarase en orde inverso, segundo se teña un menor número de puntos.

NA CLASIFICACION FINAL INDIVIDUAL DO CIRCUITO ELIMINARASE O PEOR RESULTADO OBTIDO NAS 4 PROBAS DO CIRCUITO. PARA A CLASIFICACIÓN FINAL DE CLUBES E EQUIPOS POPULARES APLICARASE A SUMA DOS 4 MELLORES RESULTADOS DOS 4 MELLORES ATLETAS QUE OS COMPOÑAN.

OS EQUIPOS ESTARÁN FORMADOS POR UN NÚMERO MÍNIMO DE 6 COMPOÑENTES, SEN DETERMINAR UN NÚMERO MÁXIMO.

Tamén estableceranse dous tipos de clasificacións:

- Clubes federados, sumando os puntos obtidos polos 4 mellores compoñentes do clube que deberán estar inscritos todos na modalidade de circuito e completar 3 das 4 probas (imprescindible realizar a inscrición reflexando o nome do equipo no formulario habilitado).
- Equipos populares, nos cales poderán entrar atletas federados e non federados formando equipos. Imprescindible realizar a inscrición reflexando o nome do equipo no formulario habilitado.
- Os equipos poderán ser masculinos ou femeninos. Non se admitirán equipos mixtos nestas clasificacións.

As clasificacións dos clubes federados escolares e centros escolares realizarase únicamente por criterios de participación.

CALENDARIO DE PROBAS E CIRCUÍTOS

As probas celebraranse nas datas que se expoñen a continuación. Os circuitos serán expostos nos días previos á celebración da carreira nas páxinas web www.corresan.com, www.carreirasgalegas.com, www.fgatletismo.es/santiago e www.atletismogalego.org.

DATA	PROBA	DISTANCIAS APROX.
16 de setembro	<u>CORRESAN</u>	1010 m (E1)
	<u>NOCTURNA</u>	1750 m (E2)
	<u>CIDADE VELLA</u>	5500 m (A)
14 de outubro	<u>CORRESAN</u>	1205 m (E1)
	<u>RUTA DA PRATA-ANGROIS</u>	2310 m (E2)
		5210 m (A)
04 Novembro	<u>CORRESAN</u>	1645 m (E1)
	<u>RUTA DOS PARQUES</u>	2520 m (E2)
		5400 m (A)
02 Decembro	<u>CORRESAN</u>	1200 m (E1)
	<u>PONTE</u>	2400 m (E2)
	<u>MANTIBLE-VITE</u>	6000 m (A)

E1= ESCOLARES Ben - Alev

A= ADULTOS

E2= ESCOLARES Inf - Cad

INSCRICIONS

INSCRICION INDIVIDUAL: A inscrición nas 4 probas do circuío (*opción recomendable*), tanto para escolares como para adultos, poderán realizala a través das seguintes vías:

- PRESENCIAIS

Poderase facer na planta de Deportes (planta baixa) de **El Corte Inglés Santiago**, de luns a sábados de 10 a 22 horas. Realizarase por transferencia bancaria feito que se indicará.

- ONLINE:

A través das páxinas web www.carreirasgalegas.com e www.corresan.com (páxina oficial do circuío).

INSCRICION POR CLUBES FEDERADOS, EQUIPOS POPULARES E CENTROS ESCOLARES

Todos os **clubes federados**, tanto de adultos (de xuvenil en diante) como de **atletas escolares**, **equipos populares de adultos** e **centros escolares** (categorías benxamín, alevín, infantil e cadete) que desexen entrar nos premios outorgados a eles deberán remitir un correo electrónico á dirección info@corresan.com indicando a súa intención de tomar parte nestas clasificacións e adxuntando o listado dos atletas que comporarán o clube federado, equipo popular ou centro escolar. Ditos atletas deberán estar inscritos individualmente e de xeito previo o inicio das probas indicando claramente o nome do clube, equipo popular ou centro escolar. É moi importante que os atletas poñan correctamente o nome do clube, equipo ou centro escolar.

PREZOS DA INSCRICION

- | | |
|---|----------|
| - ESCOLARES (de benxamín a cadete) | GRATUITA |
| - ADULTOS (de xuvenil a veteráns): | |
| ▪ Xeral nas 4 probas do circuío + San Silvestre | 24 € |
| ▪ Inscrición individual por proba: | 6 € |

Coa inscrición xeral no circuío na categoría de adultos, estarán invitados a participar na carreira **San Silvestre do 31 de decembro**. Ademais recibirán unha camiseta técnica e un dorsal-chip coa que poderán participar nas 4 probas (non na San Silvestre onde se lles proporcionará un dorsal novo) e que poderán recoller no lugar indicado na páxina web www.corresan.com. Os atletas que se inscriban individualmente en cada proba **NON PERCIBIRAN CAMISETA POLA SUA PARTICIPACION**.

O dorsal empregárase para as 4 probas e deberá conservarse axeitadamente en todas as probas do circuío.

Os participantes de cada proba individual que non se inscriban no circuío só recollerán o dorsal na zona de saída de cada proba, agás na 1ª que se recollerá no mesmo lugar que os participantes no circuío.

CALENDARIO DE INSCRICIONS

A inscrición xeral no circuío CorreSan (4 probas) abrirá o mércores 16 de agosto e pechará o xoves 14 de setembro ás 14 horas. Abrirase un 2º prazo antes da carreira CorreSan Ruta da Prata - Angrois

A inscrición individual en cada proba do circuito terá o seguinte calendario de inscricións:

CorreSan - Nocturna Cidade Vella	Inscrición do 16 de agosto ao 14 de setembro
CorreSan - Ruta da Prata-Angrois	Inscrición do 25 de setembro ao 12 de outubro
CorreSan - Ruta dos Parques	Inscrición do 20 de outubro ao 2 de novembro
CorreSan - Ponte Mantible - Vite	Inscrición do 10 ao 30 de novembro

PREMIOS

Os premios ó circuíto serán entregados nas semanas posteriores á conclusión da derradeira proba.

Outorgaranse premio aos 3 primeiros clasificados de cada categoría establecida no presente regulamento.

Tamén se entregarán premios especiais aos 3 primeiros clasificados das clasificacións xerais de escolares e de adultos.

Os 3 centros escolares e clubs federados que acheguen máis participantes á categoría de escolares percibirán premio especial.

Os 3 clubs federados **MASCULINOS** e **FEMENINOS** e os 3 equipos populares **MASCULINOS** e **FEMENINOS** que obteñan menos puntos na clasificación das probas do circuito (sumando os puntos dos seus 4 mellores compoñentes).

Para poder tomar parte nestas clasificación é imprescindible inscribirse indicando o nome do clube ou equipo ou centro escolar no formulario e remitir ao correo info@corresan.com o listado cos compoñentes dos mesmos.

TODA A INFORMACIÓN RELATIVA A CIRCUITOS, LUGARES DE RECOLLIDA DE DORSAIS, ... PODERA CONSULTARSE NAS WEB www.corresan.com e www.carreirasgalegas.com .

PROTECCIÓN DE DATOS

Este circuíto pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. Mediante a súa inscrición, o corredor consente expresamente que os seus datos sexan utilizados pola organización para comunicacións sobre as súas actividades. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.